

COMISIÓN DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE

Sesión do 25 de xuño de 2014

Na Sala de Profesores da Facultade de Historia de Ourense reúnen os membros da Comisión Garantía Interna de Calidade, o día 19 de xuño de 2014, ás 16.30 horas, en segunda e definitiva convocatoria, coa seguinte:

ORDE DO DIA

1. **Aprobación, da acta da sesión anterior.**
2. **Aprobación de cambios nos membros da CGIC.**
3. **Aprobación da colaboración dun PDI nos asuntos relativos á calidade do Centro, ante a imposibilidade de contar cun Vicedecano/a de calidade.**
4. **Valoración e aprobación dos indicadores de calidade do Centro.**
5. **Proposta e aprobación das suxestións á política de calidade do PDI e PAS.**
6. **Presentación e aprobación do informe da suspensión do Título Máster: "Historia, Patrimonio e Recursos Patrimoniais"**
7. **Proposta e aprobación do deseño de selección e admisión de estudantes.**
8. **Análise e reflexión dos datos de Inserción laboral.**
9. **Rogos e Preguntas.**

A decana cédelle a palabra para presidir esta comisión á Vicedecana Susana Reboreda Morillo.

A vicedecana comeza a sesión, desculpa a falta da súa asistencia: Montserrat Gómez Iglesias (asuntos personais); e Pablo Sánchez Ferro (viaxe).

1. **Aprobación, da acta da sesión anterior.**

Apróbase, a acta se ningún voto en contra.

2. **Aprobación de cambios nos membros da CGIC.**

Solicítase a ratificación dos membros da CGIC unha vez rematado o proceso electoral para as eleccións de membros de Xunta de Centro, celebrado para a renovación dos sectores de: Alumnos, PAS e PDI de xunta de centro.

Quedando representados na Comisión de Calidade do xeito seguinte:

Sector estudantes: Arturo Real López

Sector PAS: Montserrat Iglesias Gómez

Sector PDI: Antonio Presedo Garazo

Quedan ratificados os novos membros.

3. Aprobación da colaboración dun PDI nos asuntos relativos á calidade do Centro, ante a imposibilidade de contar cun Vicedecano/a de calidade.

No informe de seguimento do grao en Xeografía e Historia do curso 2012-2013 un dos aspectos que se reclamaba era ampliar o equipo decanal cun vicedecano/a de calidade. Fixéronse as xestións oportunas e non se levou a bo termo, debido a que o número de vicedecanos está en relación ao número de estudantes matriculados no centro; a ratio solo permite un vicedecano.

A vicedecana comenta que debido a isto, o que se fixo foi solicitar colaboración ao PDI do centro para asuntos de Calidade a cambio dunhas horas de desgravación docente. Presentouse Antonio Presedo Garazo e repartiuse a bolsa de horas entre Antonio Presedo e Susana Reboreda. A vicedecana informa de que estase poñendo ao día o Calendario proposto pola Área de Calidade da UVigo. Tamén sinala que a Comisión de Calidade deberá ter un papel máis activo e decisivo con diversos asuntos do centro. O obxectivo é dotar á comisión de máis axilidade e pídelles a Marta López, estudante colaboradora neste curso ca ACSUG, que lles preste a súa axuda.

4. Valoración e aprobación dos indicadores de calidade do Centro.

Os indicadores veñen tasados na plantilla do sistema interno da Comisión da Calidade e son:

- Taxa de abandono
- Taxa de rendemento
- Taxa de eficiencia
- Taxa de graduación

A vicedecana plantea si se considera ou non que estes indicadores son suficientes.

Tras un breve debate decídese que son suficientes os que veñen tasados, e que si en un futuro se consideran outros, poderíanse añadilos aos xa predeterminados.

5. Proposta e aprobación das suxestións á política de calidade do PDI e PAS.

Apróbanse as suxestións e tamén decídese incluír os cursos realizados polo PDI e PAS do centro.

6. Presentación e aprobación do informe da suspensión do Título Máster: “Historia, Patrimonio e Recursos Patrimoniais”.

Suspendese este máster porque está en proceso de verificación un novo máster fusionado co que existía na escola de Minas. María López pregunta, en que situación quedan os alumnos que non finalizaron o máster. Quédase en facer a consulta ao xefe da sección de posgrao e formación continua.

Apróbase o informe da suspensión.

7. Proposta e aprobación do deseño de selección e admisión de estudantes.

Admisión alumnos de grao:

As vías de acceso son as xerais establecidas para a Universidade, pódese acceder aos estudos de grao a través das titulacións seguintes:

Título de bacharelato e superación da proba da selectividade; Certificado de ter superado o COU; Certificado de ter superado o curso preuniversitario; calquera outro título que Ministerio de Educación, Cultura e Deporte declare equivalente a estes efectos ao título de Bacharelato; título homologado ao título español de Bacharelato para estudantes de sistemas educativos extranxeiros; Cumprir os requisitos esixidos para o acceso á univesidade nos sistemas educativos de estados membros da Unión Europea ou doutros estados cos que España subscribise acordos internacionais nesa materia.

Probas de acceso para maiores de 25 anos.

Probas de acceso para maiores de 45 anos.

Posuír un título de Técnico Superior de FP.

Posuír un título universitario oficial de grao ou título equivalente.

Posuír un título universitario oficial correspondentes á anterior ordenación das ensinanza universitarias ou equivalente.

Admisión estudantes máster:

Para o acceso aos estudos oficias de master os aspirantes deberán reunir algún dos requisitos seguintes:

- a) estar en posesión dun título universitario oficial español, ou calquera outra titulación oficial equivalente, ou outro expedido por unha

institución de educación superior pertencente a outro estado do espazo europeo de educación superior que faculta no país expedidor do título para o acceso a ensinanza de master.

- b) Estar en posesión do título oficial de graduada ou graduado universitario.
- c) As e os aspirantes con titulación estranxeira expedida por unha institución de educación superior non pertencente a un estado do Espazo Europeo de Educación Superior poderán acceder aos estudos de posgrado se cumpren algúns dos requisitos seguintes:
 - 1. Estar en posesión dun título expedido por un sistema universitario estranxeiro e que estea homologado a un título español que habilite para o acceso aos estudos de posgrado.
 - 2. Posuír un título expedido por un sistema universitario estranxeiro, alieo ao EEES, e sen homologación, coa comprobación previa de que o título expedido polo sistema universitario estranxeiro acredita un nivel de formación equivalente ao correspondente título español de grao que faculta no país expedidor do título para o acceso aos estudos de posgrado. Esta admisión non implicará, en ningún caso, a homologación do título estranxeiro do interesado, sin o seu recoñecemento a outros efectos que o de cursar os estudos de posgrado.

Máster Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade. É un máster interuniversitario coa Universidade de Santiago, conta coa participación do Instituto de Ciencias do Patrimonio (**Incipit**) do CSIC. Para acceder ao ensino oficial será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que facultan no país expedidor do título para o acceso ao ensino de máster. É un máster de ensino presencial.

Prazas ofertadas para Universidade de Vigo: 7

Máster Universitario en Valoración, Xestión e Protección de Patrimonio Cultural. Para acceder ao ensino oficial será necesario estar en posesión dun título universitario oficial español ou outro expedido por unha institución de educación superior do Espazo Europeo de Educación Superior que facultan no país expedidor do título para o acceso ao ensino de máster. É un máster de ensino semipresencial.

Prazas ofertadas para Universidade de Vigo: 20

Apróbase o deseño de selección e admisión de estudantes.

8. Analise e reflexión dos datos de Inserción laboral.


A ACSUG ten un plan de inserción laboral , pero soamente o fixo con unha serie de titulacións piloto, e de momento, non temos datos de inserción laboral. Agardamos que nun futuro a ACSUG inclúa as nosas titulacións no seu estudo

9. Rogos e Preguntas.

Non hai.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión, e de todo dou fe como Secretaria.

A Decana



Beatriz Comendador Rey

A Secretaria



Mª del Carmen Fdez. Contreras

COMISIÓN INTERNA GARANTÍA DE CALIDADE

ORDINARIA

25/06/2014

COMEDADOR REY, BEATRIZ
 FERNANDEZ CONTRERAS, Mª DEL CARMEN
 GÓMEZ IGLESIAS, MONTSERRAT
 LOPEZ DIAZ, MARÍA
 LÓPEZ DOMÍNGUEZ, ÁNGEL
 LOPEZ LOPEZ, MARTA
 PRESEDO GARAZO, ANTONIO
 REBOREDA MORILLO, SUSANA MARÍA
 REAL LÓPEZ, ARTURO
 RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, XULIO
 SÁNCHEZ FERRO, PABLO
 UÑA ALVAREZ, ELENA DE

ASISTENCIA	AUSENCIA XUSTIFICADA
SI	
SI	
	SI
SI	
	NO
SI	
SI	
SI	
	NO
	NO
	SI
SI	